



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2022310001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-A-I-22



Proba A1

A asociación sociocultural do seu barrio edita anualmente unha revista na que pode colaborar calquera persoa da veciñanza. Despois de ver un documental na televisión, vostede decide publicar nela un **artigo** sobre o Museo Galego do Xoguete de Allariz. No texto, de **300 palabras**, vostede deberá:

- Expresar a súa opinión sobre a importancia dos xogos na vida das persoas.
- Expoñer como foron evolucionando os xoguetes ao longo da historia.
- Comparar os xoguetes da súa infancia cos dos nenos e nenas de agora.
- Explicar por que lle parece interesante o Museo Galego do Xoguete e animar a visitalo.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 test.


ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

A asociación ecoloxista Caxigo, da que vostede forma parte, acaba de crear o Premio Vístete de Verde para promover hábitos ecolóxicos e sustentables no consumo de roupa. Por esta razón, a presidenta solicítalles aos socios e socias que lle envíen propostas de empresas téxtiles que, polas súas boas prácticas, poidan optar ao premio. Logo de ler nun xornal o artigo “Ecosaias feitas en Galicia”, vostede decide escribirlle. Nunha **mensaxe electrónica**, de **300 palabras**, ten que:

- Felicitala por crear o premio e expresarlle a súa opinión sobre a conveniencia desta iniciativa.
- Suxerirlle algúns criterios que, ao seu xuízo, se deberían ter en conta para seleccionar a empresa gañadora.
- Propoñerlle unha empresa merecedora de recibir o premio e xustificar por que a elixiu.
- Darlle algunhas recomendacións para a organización do acto de entrega do premio e ofrecerlle a súa colaboración e axuda.

Ecosaias feitas en Galicia



Iria e Xulián naceron a carón do mar, en Moaña. Un día, inspirados pola forza do océano, decidiron crear Xiro, a primeira empresa que confecciona vaqueiros ecolóxicos *made in Galicia*.

Xiro naceu hai dous anos como unha necesidade persoal dos seus dous creadores. Había tempo que ambos practicaban unha forma consciente de consumir (comida, produtos de hixiene, limpeza), pero observaron que na roupa había moi pouca oferta. Así, da impotencia de non poder vestir doutro xeito pola falta de opcións, xurdiu esta marca galega. Comezaron polos vaqueiros, unha peza básica, versátil e resistente.

A sensibilización sobre a industria da moda e a necesidade de cambiala é un dos eixes de Xiro. «Vivimos nunha sociedade na que o consumo pasou a converterse nunha forma de vida que xera pobreza en moitos lugares do mundo, que contamina e que

acaba cos recursos naturais. Ao escoller opcións máis respectuosas coas persoas, cos animais e coa natureza, estamos fomentando un sistema máis xusto», afirma Iria.

Esta marca galega aposta polo uso de tecidos ecolóxicos certificados, co que garante que tanto os cultivos das fibras como os procesos de fabricación das teas están libres dos pesticidas e dos produtos químicos tóxicos habituais na industria téxtil convencional. Ademais, comprometéronse a fabricar en Galicia e a apostar por unha relocalización sustentable da industria téxtil galega.

Esa preocupación polo medio tamén se nota no empaquetado. Para os envíos postais, utilízanse caixas de cartón e un derivado da pataca e, para as feiras, bolsiñas feitas con redes de pesca. Todo está tan pensado que a etiqueta pendurada no pantalón pode sementarse e converterse nunha planta. Nun futuro inmediato, propóñense introducir novidades DIY (Do It Yourself - 'Faino ti mesmo'), traballar máis a sensibilización e introducir novos modelos e cores de vaqueiros. O proxecto que pensan realizar a vindeira tempada é crear unha colección de «camisetas concienciadoras», que levarán este nome porque as pezas estarán feitas integramente con restos de tecidos, materiais en desuso e redes de pesca.

Pero Xiro non está soa nin é a primeira empresa téxtil ecolóxica de Galicia. Nos últimos tempos, son varias as marcas de roupa que buscan crear vestidos, saias, camisetas ou pantalóns respectuosos co medio. Distínguense doutras empresas téxtiles porque naceron na proximidade das nosas casas, porque recuperaron unha industria que esmorecía, porque os seus produtos non foron fabricados na China seguindo os parámetros da moda de usar e tirar ou porque a materia prima da que parten é bastante sorprendente, como plástico ou restos de tecidos.

Un bo exemplo é Latitude, unha empresa que acaba de lanzar unha nova colección de moda para muller e home que non só estará confeccionada nos talleres de costura de Galicia, senón que se fará con materiais ben curiosos. Para facer o modelo de camisetas de muller, empregan un material coñecido como lyocell, que é un tecido elaborado a partir da celulosa de madeira de eucalipto.

Outras pezas de Latitude están confeccionadas con diferentes materias primas que poden causar abraio. Así, as saias que inclúen na colección están feitas cun tecido de gran calidade que procede de botellas de plástico recicladas. Collen as botellas, clasifícanas e, tras limpalas, cortalas e sometelas a certos procesos mecánicos, convértenas nunha substancia da que se crea o tecido. Deste xeito, lógrase que o que ata entón era lixo se converta en algo con moito estilo, con menos gasto de auga e enerxía e menos emisións de CO₂.

Nesta colección, as americanas están feitas con la rexenerada, algo que non é nada novo. Antes, cando un xerseí vello xa ía moi gastado, triturábano e convertíanlo nunha manta. No proceso actual, en Latitude usan a la sobrante ou reciclan a xa usada para crear un novo tecido e darlle unha nova vida.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

